DEPORTES
Pazo provincial · Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
deportes@depo.es · www.depo.gal

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA IMPULSAR A FORMACIÓN DE MULLERES EN POSTOS DE TÉCNICAS OU ADESTRADORAS, XUÍZAS E ÁRBITRAS NO ÁMBITO DEPORTIVO NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026

O deporte constitúe unha actividade de especial relevancia social, tanto pola súa contribución á promoción de hábitos de vida saudables coma polos valores asociados á súa práctica.

Os datos dispoñibles sobre a participación das mulleres nos distintos ámbitos da actividade deportiva poñen de manifesto a persistencia de desigualdades entre mulleres e homes, particularmente en ámbitos relacionados coa formación, co persoal técnico e coa arbitraxe deportiva.

Neste contexto, a Deputación de Pontevedra, no marco das súas políticas de promoción deportiva e de igualdade, considera necesario impulsar actuacións que contribúan a reducir estas desigualdades e a favorecer a presenza efectiva das mulleres nos diferentes ámbitos da actividade deportiva, non só como deportistas, senón tamén como persoal técnico, adestradoras, xuízas e árbitras.

A formación especializada constitúe un instrumento fundamental para facilitar o acceso a estas funcións e mellorar as oportunidades de participación das mulleres no ámbito deportivo. Por iso, resulta de interese público promover medidas de apoio que favorezan a adquisición das cualificacións necesarias para o desempeño destas funcións nas distintas modalidades deportivas.

A promoción da igualdade efectiva entre mulleres e homes constitúe un principio que debe orientar a actuación dos poderes públicos en todos os ámbitos da sociedade, incluído o deportivo. Neste marco, as administracións públicas, no exercicio das súas competencias, deben impulsar medidas que contribúan a eliminar as desigualdades existentes e a favorecer a igualdade de oportunidades no acceso á formación e ao desenvolvemento das distintas funcións vinculadas á actividade deportiva.

DEPORTES
Pazo provincial · Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
deportes@depo.es · www.depo.gal

No ámbito das súas competencias de promoción e fomento do deporte e de cooperación no desenvolvemento social da provincia, a Deputación de Pontevedra considera necesario impulsar actuacións específicas que favorezan a formación das mulleres e faciliten o seu acceso aos postos técnicos e de adestramento, así como ao exercicio das funcións de xuíza e árbitra nas distintas modalidades deportivas.

Con esta finalidade, a Deputación de Pontevedra promove esta convocatoria de axudas, dirixida a apoiar a formación das mulleres no ámbito deportivo e a contribuír a unha participación máis equilibrada nos diferentes ámbitos da actividade deportiva da provincia, que se rexerá polas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

O obxecto desta convocatoria é fixar as bases reguladoras das axudas destinadas a financiar os estudos que dean acceso aos postos de técnicas ou adestradoras en clubs deportivos e de xuízas e árbitras nas diferentes modalidades deportivas.

Segunda. Persoas beneficiarias

Poderán beneficiarse das axudas desta convocatoria as mulleres nadas e residentes na actualidade nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra ou as non nadas na provincia de Pontevedra pero empadroadas desde o 1 de xaneiro de 2026 nalgún dos concellos da provincia.

Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias as solicitantes nas que concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

As persoas solicitantes declararán coa solicitude estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

DEPORTES
Pazo provincial · Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
deportes@depo.es · www.depo.gal

Terceira. Financiamento

A contía total destinada a estas axudas estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 26/340.3410.489.06 do Orzamento da Deputación para o ano 2026 por un importe total de trinta mil euros (30.000 €).

Esta cantidade poderase incrementar nun máximo de trinta mil euros (30.000 €), de acordo coas circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, e no artigo 31 da LSG.

O importe deste aumento dependerá dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, no seu caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda, nun momento anterior á resolución da concesión da subvención. Este incremento deberá publicarse antes da resolución de concesión nos mesmos medios que a convocatoria e indicaranse o crédito final dispoñible e a distribución definitiva. Este anuncio non implicará a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

De ningún modo a suma total das axudas concedidas poderá superar o orzamento máximo previsto nestas bases ou, de ser o caso, nas súas posibles modificacións.

Cuarta. Gastos subvencionables

Considerarase gasto subvencionable aquel que, de maneira indubidable, responda á natureza da finalidade subvencionada.

Terán esta consideración:

- Os gastos de matrícula dos diferentes títulos oficiais que dan acceso, nas diferentes modalidades, aos postos de adestradora ou técnica, xuíza ou árbitra; estes poderán ser impartidos polas federacións deportivas (autonómicas ou estatais) ou polos diferentes centros de ensinanzas deportivas de réxime especial.
- Os gastos de matrícula das formacións federativas iniciadas en 2026 para obter o diploma que capacita para adestrar deportistas en idade escolar e participar en competicións federativas.

DEPORTES
Pazo provincial · Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
deportes@depo.es · www.depo.gal

- Os gastos derivados da expedición dos títulos oficiais ou diplomas federativos correspondentes ás formacións subvencionadas, incluídos os dereitos de expedición e tramitación necesarios para a súa obtención.

A matrícula deberá formalizarse durante o ano 2026. Os estudos poderán rematar no mesmo ano ou estenderse ao curso académico 2026/2027. Os gastos derivados da expedición dos títulos ou diplomas deberán aboarse antes de presentar a xustificación da subvención e, en todo caso, antes do 31 de decembro de 2027.

Quinta. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse preferentemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, https://sede.depo.gal.

Opcionalmente, as solicitudes tamén poderán presentarse de forma presencial en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Cada solicitante poderá presentar unha única solicitude, na que poderá achegar un máximo de dous cursos.

Para a presentación das solicitudes, a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Sexta. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio destas bases no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións, e finalizará o 30 de novembro de 2026.

DEPORTES
Pazo provincial · Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
deportes@depo.es · www.depo.gal

Sétima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF da persoa solicitante.
- Certificado de nacemento da persoa solicitante.
- Certificado de residencia da persoa solicitante.

En caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes. As devanditas comprobacións incorporaranse de oficio no expediente administrativo.

Oitava. Documentación

As persoas solicitantes deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- Anexo I. Certificado de estudos asinado polo centro onde estean a cursalos.
- Acreditación da representación, en caso de actuar en representación da persoa solicitante.

A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderalles requirir a presentación do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Novena. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel).

DEPORTES
Pazo provincial · Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
deportes@depo.es · www.depo.gal

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde https://sede.depo.gal e a través de https://dehu.redsara.es/. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo que conste na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que esta se considere plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, de non o facer, se entenderá que desiste da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en https://sede.depo.gal.

Na Sede electrónica están dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o

DEPORTES
Pazo provincial · Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
deportes@depo.es · www.depo.gal

trámite. Os modelos están dispoñibles en https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos.

Décimo primeira. Procedemento de concesión

O procedemento de concesión das axudas realizarase en réxime de concorrencia non competitiva, en atención á existencia de crédito.

Subvencionarase o 100 % dos gastos de matrícula de cada curso e, de ser o caso, dos gastos derivados da expedición dos correspondentes títulos ou diplomas acreditativos da formación realizada. Poderán subvencionarse ata un máximo de dous cursos por persoa beneficiaria, ata un importe máximo de seiscentos euros (600 €) por curso e título.

No caso de que o crédito dispoñible resulte insuficiente para atender a totalidade das solicitudes, realizarase un rateo proporcional entre todas aquelas que cumpran os requisitos establecidos nas bases, co obxecto de distribuír o crédito dispoñible entre todas elas.

Décimo segunda. Compatibilidade e incompatibilidade

Estas axudas serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado.

Segundo o disposto no artigo 19.3 da LXS e no 17.3 da LSG, "o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada".

As persoas beneficiarias das axudas terán que informar o órgano responsable da tramitación desta subvención da recepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos provenientes doutros órganos ou entidades para sufragar estes mesmos gastos.

A subvención será incompatible con calquera outra para a mesma persoa beneficiaria e a mesma finalidade con cargo a créditos desta Deputación e dos seus organismos dependentes.

DEPORTES
Pazo provincial · Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
deportes@depo.es · www.depo.gal

Décimo terceira. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao Servizo de Deportes e comprenderá as seguintes fases:

- Estudo e comprobación de todas as solicitudes polo servizo instrutor, que realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos.
- Informe proposta da xefatura do servizo no que se valorarán as solicitudes, coa relación das solicitudes beneficiarias, e se sinalará a subvención que lle corresponde a cada unha. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, xunto coas razóns das desestimacións.
- Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe proposta.
- Proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a persoa solicitante ou a relación de solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e a súa contía. Tamén recollerá as solicitudes rexeitadas e os motivos do rexeitamento.

Décimo cuarta. Resolución do procedemento

A proposta de resolución definitiva formulada polo órgano instrutor someterase á aprobación do órgano competente, que resolverá o procedemento.

O acto de resolución publicarase na Sede electrónica e terá os efectos dunha notificación. Así mesmo, será igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Deputación de Pontevedra.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder os seis (6) meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación das solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución lexitima as persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

DEPORTES
Pazo provincial · Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
deportes@depo.es · www.depo.gal

Décimo quinta. Obrigas das persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas da LSG. En particular, durante este exercicio e o seguinte deberán:

- Superar o curso de maneira satisfactoria.
- Cumprir e aceptar todo o estipulado nestas bases.
- Someterse ás actuacións de comprobación, así como a calquera outra actuación que puidesen efectuar os órganos de control competentes, para o que se presentará toda a información que se lles pida no exercicio das actuacións correspondentes.

Décimo sexta. Xustificación e pagamento

As persoas beneficiarias poderán presentar a xustificación das subvencións a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOPPO e unha vez finalizado o curso ou, de ser o caso, unha vez aboados os gastos do título; en todo caso, deberanse xustificar antes do 31 de decembro de 2027.

A xustificación poderá presentaranse por medios electrónicos, a través do formulario normalizado dispoñible na ficha do procedemento na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, https://sede.depo.gal, ou de forma presencial, en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, acompañada da seguinte documentación:

- Formulario de achega da documentación xustificativa.
- Certificado académico ou federativo de que se superou o curso.
- Xustificante de efectuar o pago do importe da matrícula na entidade bancaria.
- Cando corresponda, xustificante bancario do pagamento dos gastos derivados da expedición do título ou diploma.

O pago efectuarase mediante unha transferencia bancaria á conta indicada na solicitude, da que deberá ser titular a persoa beneficiaria da axuda.

DEPORTES
Pazo provincial · Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
deportes@depo.es · www.depo.gal

Décimo sétima. Transparencia e bo goberno

De conformidade co establecido na normativa de transparencia e bo goberno e co artigo 15 da LSG, a Deputación de Pontevedra publicará na súa páxina web a relación oficial de persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá igualmente as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Décimo oitava. Devolución e reintegro

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Por obtelas falseando as condicións requiridas.
- Por non aplicalas aos fins para os que se concederon.
- Por incumprir a persoa beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

Décimo novena. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento por parte da Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionalos, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en https://sede.depo.gal.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

DEPORTES
Pazo provincial · Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
deportes@depo.es · www.depo.gal

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos.

Vixésima. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases seguirase o establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, nas Bases de execución do Orzamento provincial para o exercicio 2026, na LXS, na LPACAP e na demais lexislación aplicable.